

A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA: SITUACIÓN E ALTERNATIVAS

Alberte GONZÁLEZ MONTAÑÉS

Xefe do Gabinete de Traducción e Normalización. Audiencia Provincial de Ourense

0. INTRODUCCIÓN

Desde que no ano 1984, o daquela presidente da Audiencia Territorial de Cataluña, Cesáreo Rodríguez Aguilera, abordara o espiñento tema do uso do galego na Administración de xustiza¹ ninguén se volvera ocupar de cheo do estado e perspectivas do proceso de normalización lingüística da administración xudicial en Galicia. Dez anos máis tarde e, sen pretendernos ser exhaustivos na nosa análise, decidimos publicar este estudio no que intentamos analizar de que maneira evolucionou o galego nesta última década na administración xudicial. As dificultades e os obxectivos seguen, con escasas diferencias, sendo os mesmos pero as estratexias, tanto polos medios de que dispoñemos como por algunhas modificacións estatutarias, cambiaron a súa dirección ou os seus prazos temporais.²

A nosa achega pretende se-la dun técnico de normalización e non a dun xurista polo que evito o desenvolvemento e as implicacións xurídicas das leis ou regulamentacións que afectan á nosa lingua no ámbito da xus-

1. RODRÍGUEZ AGUILERA, C., «A lingua galega na Administración de Xusticia», *Revista de Administración Galega*, n.º 1, pp. 41-54, 1985. A redacción, malia a súa publicación, é do ano 1984 porque fala do proxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial que se converteu en lei o 1 de xullo de 1985.

2. Hai que ter en conta que Rodríguez Aguilera consideraba que o proceso de normalización, cando menos no resto da sociedade, se realizaría sen graves atrancos, como llo indicaba a súa experiencia persoal en Cataluña. A realidade sociolingüística galega é, sen embargo, abondo diferente e as súas previsións non se cumpriron como el agardaba.

tiza —tarefa para a que non estou capacitado e que ademais xa está excepcionalmente executada por outros (Rodríguez Aguilera,³ Monteagudo Romero,⁴ etc.)— e procuro centrarme nas consecuencias prácticas que isto supón no desenvolvemento cotián dun xulgado.

1. DIFICULTADES

1.1. *Externas*: Relacións exteriores; Supostos de indefensión; Xuíces e maxistrados non galegos; Corpo lexislativo castelán.

Chámolles dificultades externas a aquelas que nos veñen dadas da situación sociopolítica na que estamos inmersos e que non podemos obviar nin solucionar a curto ou medio prazo. O ámbito xurídico ó que pertencemos establece unhas pautas que temos que acatar e que escapan non só ás actuacións dun normalizador ou dun planificador senón mesmo a supostos intentos de intervención por parte dos poderes autónomos. Deste xeito, teremos que enviar versións bilingües sempre que teñan que facer efecto fóra do territorio galego ou sempre que se alegue indefensión por descoñecemento idiomático.⁵ Ademais, o feito de que a carreira xudicial sexa global para todo o estado español implica que calquera funcionario da xustiza pode optar a unha praza en calquera punto do estado sen ter que pasar polo requisito do idioma. Este feito, desde o meu punto de vista, tan só se podería solucionar no caso de adquirilo poder autonómico competencias no persoal da xustiza como as adquiriu, por exemplo, no persoal docente. Cómpre a territorialización dos procesos de selección dos funcionarios e a dotación de bolsas e axudas para a preparación de funcionarios na lingua e dereito galegos. Finalmente, o corpo lexislativo que posuímos é castelán e, aínda que podemos proceder á súa tradución, o certo é que hai unha serie de figuras xurídicas que son inamovibles e coas que pouco podemos facer amais dunha adaptación gráfica ou morfolóxica (repárese en formas como *cédula de citación, auto, providencia, oficio*, etc.).⁶

3. *Cfr. op. cit.*

4. MONTEAGUDO ROMERO, X., «A oficialidade da lingua galega: o marco legal», *GRIAL*, n.º 107, pp. 387-398, 1990.

5. Este era un dos aspectos que foi obxecto de recurso de inconstitucionalidade promovido polos gobernos de Galicia, Cataluña e Euscadi por entenderen que había discriminación dunha das linguas oficiais e que foi desestimado pola Sentencia 56/1990 do TC.

6. Así e todo, a maioría destas formas pertencen ó que o profesor Antón Santamarina denomina «esperanto tecnolectal» (*Cfr. SANTAMARINA, A.*, «A documentación dialectal no establecemento dunha linguaxe administrativa», *Revista de Administración Galega*, n.º 1,

1.2. *Internas*: Creación e adaptación da linguaxe administrativa; Posibles alegacións das partes; Implicacións xurídicas das traducións.

As dificultades internas son aquelas propias das carencias da nosa incipiente linguaxe administrativa, amais dos problemas derivados do réxime de oficialidade desigual para os dous idiomas que conviven na actualidade no noso territorio. O punto 1 do artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (en adiante LOPX) de 1985 establece taxativamente que o castelán é a lingua que se empregará en tódalas actuacións xudiciais. No punto 2 deste mesmo artigo admítese, sen embargo, que «Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, se ningunha das partes se opuxer, alegando descoñecemento dela, que puider producir indefensión». Isto é, un xuíz poderá empregalo galego sempre que non exista alegación dunha das partes, suposto no que non terá máis remedio que usa-la lingua oficial da xustiza: o castelán. Ademais, co artigo 231 da LOPX na man, un xuíz pode, alegando descoñecemento idiomático, expresarse en castelán e traducir escritos ou manifestacións orais feitas orixinalmente en galego polo que a modificación da LOPX, no sentido de recoñecer tódalas linguas oficiais como linguas da Administración de xustiza e por tanto recoñecer unha dobre oficialidade real e non só formal, faise totalmente inescusable.

Doutra banda, se se traduce unha resolución e esta se publica en galego, tal versión é a única que ten validez xurídica conforme ó punto 4 do devandito artigo 231 da LOPX. Isto, que en principio é un logro legal, vólvese contra nós cando topamos reticencias por parte de xuíces e maxistrados a galeguiza-las súas resolucións xa que alegan carecer de dominio abondo do idioma para saberen se o contido da resolución, unha vez galeguizada, é o mesmo có da súa versión manuscrita en castelán. Só o rigor profesional do traductor e a preparación do xuíz nas bases do idioma poden dar solución satisfactoria a este atranco que, tamén hai que dicilo, agocha na maioría dos casos unha desculpa para quedar exentos da obriga moral da galeguización cando non un auténtico prexuízo dado que non

pp. 109-117, 1985), isto é, son comúns á maioría das linguas do noso contorno polo que o problema queda un tanto reducido. Outra cousa ben distinta é a terminoloxía administrativa específica do castelán e que non conta con equivalentes noutros idiomas. Aí é onde a enxeñería lingüística ten moito que ofrecer, seguindo os dous criterios básicos para a fixación do léxico administrativo dun idioma como o galego: «1.º A harmonización coas solucións adoptadas polas restantes linguas románicas. 2.º O respecto ó patrimonio léxico galego» (cfr. BOULLÓN AGRELO, A. e outros, «Problemas e métodos para o establecemento do léxico administrativo galego», *Cadernos de Lingua*, n.º 2, pp. 83-91, 1990).

admiten modificacións da forma sen que lles pareza que obrigatoriamente ten que sufrir modificacións o contido. No fondo está a concepción de que ese contido só se pode expresar dunha maneira: coa fraseoloxía e estereotipos da linguaxe xurídica castelá.

2. OBXECTIVOS

2.1. *Galeguización progresiva de tódolos impresos Administración-Administrado*

Axentes Xudiciais:	Notificacións Citacións Emprazamentos
Secretarios Xudiciais:	Cédulas de citación Oficios Notificacións

A Administración de xustiza debe, amparándonos no art. 5 punto 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia (en adiante EAG),⁷ comprometerse na normalización da lingua galega no noso país para o que se debe incorporar ó proceso de galeguización sen máis dilacións. Repárese en que é, sen dúbida e agás a administración militar, a administración máis remisa a este proceso cando debería se-la máis permeable debido a que unha das súas funcións principais é a de respectar e garanti-la identidade persoal e colectiva, sendo unha das súas manifestacións o dereito a usa-la propia lingua (conforme ó art. 231 da LOPX).

Por todo isto a comunicación da Administración co Administrado é un dos aspectos fundamentais do proceso de galeguización da xustiza xa que é esta documentación a que lle chega realmente ó cidadán e a que lle establece unha pauta para seguir. A galeguización destes impresos é, talvez, a máis doada de conseguir sendo, probablemente, a que máis repercusión ten de maneira directa no cidadán galego.

Ademais disto, as relacións Administración-Administrado ou mesmo Administración-Administración, se nos atemos ó Proxecto da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, aprobado polo comité de ministros do Consello de Europa o 22 de xuño de 1992, deberían preve-lo

7. «Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.»

uso do galego por parte das autoridades ou servicios xudiciais se o demandase unha das partes (Parte III, artigo 10, parágrafos 1.A.1 e 1.B.1). Malia dispormos dunha certa cobertura legal, gracias a este proxecto, parece-me que o cumprimento desta Carta en Galicia aínda está moi afastado. Doutra banda, este soporte legal favorable tampouco supón panacea ningunha xa que, aínda no suposto de que sexa ratificada por España, estes requirimentos están redactados de tal maneira que obvia-lo seu cumprimento é, coa carta na man, ben fácil:

[As partes comprométense a:]

- «1. prever que as autoridades ou servicios xudiciais, se o demandase unha das partes, utilicen as linguas rexionais ou minoritarias; e/ou
2. garantirlle ó acusado o dereito de se expresar na súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou...»

Non fai falta ser un experto xurista para comprobar que o enlace copulativo ou disxuntivo, a gusto do país, deixa totalmente sen validez esta disposición legal.⁸

2.2. *Galeguización progresiva dos impresos Administración-Administración: exhortos, actas, oficios, etc...*

Conforme dispón o artigo 7, parágrafo 2, do título II da Lei de Normalización Lingüística (en adiante LNL): «As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. En todo caso, a parte ou interesado terá dereito a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa». A Administración non precisa, xa que logo, no seu labor cotián en Galicia, recorrer, se non o desexa, ó castelán.

2.3. *Garanti-los dereitos lingüísticos Administrado-Administración. Notificacións, declaracións, etc...*

Segundo este mesmo artigo, o administrado ten dereito a que se lle notifique na lingua oficial que elixa e a prestar declaración no idioma que

8. A súa operatividade vese, desde o inicio, reducida se consideramos, ademais, que o Consello de Europa é unha organización intergubernamental «sense capacitat d'imposar normes als estats membres» e que «no passará de ser un recull de bones intencions —molt lloable, això sí—» (Alfred SIXTO, «Aprovació de la Carta europea de les llengües regionals o minoritàries», *Llengua i Administració*, n.º 31, 1988).

escolla, mesmo esixindo que se recolla a súa declaración no idioma en que foi realizada ou ben mediante a intervención dun traductor-xurado. Complétase este dereito co disposto no título III, art. 231, parágrafo 3 da LOPX: «As partes, os seus representantes e quen os dirixa, así como as testemuñas e peritos, poderán utiliza-la lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma no territorio da cal teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas».

Estas disposicións legais a penas teñen utilidade xa que non se fai uso delas. A divulgación destes dereitos nos xulgados galegos (os funcionarios deben de informarlles ós administrados que están no seu dereito de emprega-lo galego e de recibir notificacións neste idioma) podería levar a que miles de cidadáns galegos se decidisen a relacionarse coa xustiza no seu idioma e a esixir dela o mesmo trato. Pero dificilmente poderemos conciencia-lo cidadán de que execute este dereito cando os poderes públicos rara vez o poñen en práctica. Talvez haxa que lembrarles ós concellos e mesmo á Xunta que deberían realiza-las súas demandas en galego e esixiren dos xulgados as notificacións no mesmo idioma. Isto supoñería a galeguización obrigatoria dunha porcentaxe bastante elevada de expedientes xudiciais que conducirían, case inexorablemente, a resolve-lo asunto cunha sentenza redactada no mesmo idioma que foi empregado cando menos por unha das partes.

2.4. *Galeguización progresiva das resolucións xudiciais. Bilingües // Monolingües*

As resolucións haberán de ir en bilingüe nos seguintes supostos:

- Sentencias, autos e providencias que teñan que facer efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma.
- Sentencias, autos e providencias que teñan, cando menos, unha das partes non galega nin residente en Galicia.
- Cando, facendo efecto en Galicia e a galegos, algunha das partes solicita que sexa en castelán conforme á sentenza n.º 56 de 1990 do Tribunal Constitucional (en adiante TC).

Nestes tres supostos a lingua orixinaria deberá se-lo galego aínda que vaia acompañada dunha traducción ó castelán. No caso de discrepancias xurídicas entre unha e outra versión, a resolución vinculante será sempre aquela na que foi redactada e publicada, isto é, a galega, que terá plena validez e efectos xurídicos conforme á sentenza n.º 82 de 1986 do TC.

O resto das resolucións xudiciais poderán, e este ha de ser un dos

nosos obxectivos, ser monolingües en galego. Isto é, conforme á legalidade vixente, poderán ser monolingües en galego todas aquelas sentencias, autos ou providencias que fagan efecto na comunidade galega, sexan partes persoas físicas ou xurídicas desta comunidade e que non exista oposición explícita por parte de ningunha delas.

2.5. *Esixencia do cumprimento do art. 25 do EAG:*

«Na resolución dos concursos e oposicións para prove-los postos de Maxistrados, Xuíces, Secretarios Xudiciais, Fiscais e tódolos funcionarios ó servizo da Administración de Xustiza, será mérito preferente a especialización en Dereito Galego e o coñecemento do idioma do país.»

O maxistrado Daniel García Ramos⁹ denunciou reiteradamente o incumprimento sistemático do art. 25 do EAG e outras disposicións semellantes como son os artigos 341 e 471 da LOPX. Se a Administración de xustiza é a primeira en incumpri-la lei, ¿con que forza moral pode esixirle o seu cumprimento á sociedade? ¿De que xeito imos impulsa-la galeguización da xustiza cando os profesionais que a imparten descoñecen, con frecuencia, o idioma propio dunha boa porcentaxe de demandantes e demandados? Como se recolle nas conclusións das *Jornades a Platja d'Aro* sobre ámbito xurídico e normalización lingüística, celebradas o 27 e 28 de xuño de 1991, é imprescindible «promoure profesionalment el coneixement i ús continuat del català (= galego) parlat e escrit» así como «exigir el coneixement del català (= galego) en el procés de selecció de magistrats, jutges, fiscals, secretaris i funcionaris de l'Administració de justícia que han de servir a Catalunya, com també, amb caràcter general, una mínima permanència temporal».¹⁰

3. ESTRATEXIAS

3.1. *Traducción de novos corpos legais ó galego. Urxentes: LACRIM, LOPX, LAC*

Cómpre, con urxencia, dispoñermos de novos corpos legais traducidos ó galego que faciliten o traballo daqueles xuíces, fiscais, avogados ou pro-

9. Vid. GARCÍA RAMOS, Daniel, «A lingua galega na administración de xustiza», *GRIAL*, n.º 107, pp. 309-402, 1990.

10. Vid. PEREÑA I PÉREZ, Mònica, «Àmbit jurídic i normalització lingüística: conclusions de les Jornades», *Llengua i Administració*, n.º 43, 1991.

curadores que decidan emprega-lo noso idioma¹¹ así como o traballo dos, todo hai que dicilo, escasos gabinetes de traducción e normalización que operan no ámbito da xustiza. A leis como a LACRIM (Lei de Axuizamento Criminal), a LOPX (Lei Orgánica do Poder Xudicial) ou a LAC (Lei de Axuizamento Civil) podemos engadir, pola súa frecuencia de uso, a Lei de Tráfico e Seguridade Vial.

3.2. *Conformación da linguaxe xurídica galega: seminarios, xornadas, etc... coa participación de filólogos e xuristas*

A conformación da linguaxe xurídica galega é crucial para o obxectivo de normaliza-lo galego neste ámbito. Aquí, como na traducción do corpo legal, a Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP) ten a obriga de dirixir, poñe-los medios e financia-los proxectos encamiñados cara á consecución desta fin (*vid.* artigo 3 da Lei 10/89 de modificación da lei de creación da EGAP). A DXPL (Dirección Xeral de Política Lingüística) e a DXX (Dirección Xeral de Xustiza) deben, neste punto, comprometerse como impulsores e responsables últimos dos servizos de normalización. A primeira como responsable dunha política lingüística (aínda por desenvolver) e a segunda como responsable dos servizos de traducción e normalización que operan no seu ámbito. Os gabinetes e servizos precisan do apoio incondicional, tanto material como persoal, da Xunta de Galicia se queremos que teñan rendemento e eficacia para rompe-lo inmovilismo lingüístico no que se atopa a xustiza.

3.3. *Elaboración dun Dicionario Xurídico Galego*

Co traballo debidamente configurado, seleccionado e estudiado das diversas tarefas dos servizos que están vencellados á Administración de xustiza, todo coordinado mediante periódicas xornadas ou seminarios de traballo, procederase á elaboración dun dicionario xurídico o máis riguroso, amplo e científico posible elaborado por lingüistas en estreita cooperación con xuristas.

3.4. *Programas informáticos en galego para a xustiza*

Recentemente a Xunta subvencionou a informatización dos xulgados galegos. Esta informatización, sen dúbida positiva pola rapidez e preci-

11. «...va quedar ben clar que hi ha una lligam entre el dret que cal aplicar a l'ús de la llengua, de manera que es fa imprescindible que els textos legals que s'alleguin i s'apliquin siguin escrits en llengua catalana», Lluís JOU I MIRABENT, «Àmbit jurídic i normalització lingüística», *Revista de Llengua i Dret*, n.º 18, p. 215, 1992.

sión que supón, pode acarrexar un grave atranco para a galeguización da xustiza xa que os programas destes ordenadores foron elaborados polo Ministerio de Xustiza de Madrid integramente en castelán. Na actualidade corrémo-lo risco de perde-lo camiño andado ó se produci-lo abandono dos escasos modelos en galego en favor dos xa informatizados en castelán. En novembro do ano 1993, nunhas *Xornadas sobre Normalización Lingüística nas Institucións Galegas* realizadas en Pontedeume, o daquela Director Xeral de Xustiza asegurounos ós alí presentes que había dous equipos naqueles momentos en Galicia traballando en programas informáticos para a xustiza en galego. Ante esta boa e alentadora noticia só nos queda anima-los autores e demandar desta Dirección Xeral a máxima celeridade posible na empresa xa que na actualidade unha boa parte dos funcionarios da xustiza están asistindo a cursos de informática especialmente deseñados por Madrid para o usuario dos seus programas (un de penal e outro de civil) polo que se deixamos que este proceso de preparación asente nos usuarios, será despois abondo complicado convencelos da necesidade de aprender a manipular outros programas.¹² Ademais sei, polas miñas relacións cos funcionarios, que os programas de castelán son realmente confusos, de difícil manexo e mesmo defectuosos, polo que uns bos programas en galego rápidos e sinxelos poderían provocar que moitos funcionarios se inclinasen por eles. Sería unha verdadeira mágoa deixar pasar esta ocasión para gañarlle pola man ó español a batalla do progreso.

3.5. *Unificación de modelos administrativos en galego*

Cómpre evita-los reinos de taifas no traballo, polo que debemos manter un contacto permanente entre todos aqueles que empregamos, estudiamos e tentamos depura-la nosa incipiente linguaxe administrativa, a fin de homoxeneiza-los resultados e evita-las repeticións. De novo a coordinación xorde como unha medida imprescindible mesmo coa necesidade de establecer un servizo de normalización lingüística coordinador que garanta o traballo sumativo e planificado.

3.6. *Estratexias de normalización no ámbito dos avogados e dos procuradores*

O poder autónomo debe toma-las medidas necesarias encamiñadas a conseguir que os colexios profesionais defendan o uso da lingua galega

12. En setembro de 1994, data da redacción deste traballo, tales programas aínda non chegaran ós xulgados polo que semella que algunha pexa atranca, de xeito insalvable, a galeguización informática da xustiza.

tanto na actuación extraxudicial como na xudicial, asumindo corporativamente os inconvenientes derivados do seu uso.

As demandas constitúen unha das prioridades da normalización lingüística na Administración de xustiza. Se non conseguimos implica-los avogados e procuradores nesta tarefa, dificilmente podemos agardar que xuíces, secretarios e funcionarios leven adiante un proceso galeguizador. Por poñermo-lo exemplo de Ourense, a penas 3 ou 4 avogados instrúen as súas demandas en galego e non coñezo nin un só procurador que envíe os seus escritos de representación neste idioma. Así as cousas, calquera medida encamiñada a modificar estes hábitos debe ser ben vista e contar co apoio dos poderes públicos: cursos, campañas de información e promoción, subvención e promoción de libros e revistas xurídicas en galego, distribución de modelos de demanda ou de representación nos colexios de avogados ou procuradores, informatización dos despachos dos avogados e difusión de programas informáticos en galego, etc., etc.

3.7. *Estratexias de normalización no ámbito notarial*

Cómpre que se faga efectiva a obrigatoriedade do uso do galego nos documentos nos que interveñan administracións galegas, que se promova o galego nas escrituras nas que interveñan institucións privadas galegas, que se esixa de maneira individual o coñecemento da lingua e mailo dereito galegos no proceso de provisión de notarios para Galicia e que se garanta que tódalas notarías teñan persoal capaz de escribir correctamente o galego.¹³

3.8. *Creación dunha oficina de traducción das linguas oficiais territoriais do estado*

Trátase de establecer unha grande, áxil e ben dotada oficina de traducción das linguas tamén oficiais do estado español no órgano estatal que lle corresponda coa fin de asegura-la traducción de oficio de toda a documentación escrita nesas linguas.¹⁴

13. Estas medidas están extraídas das conclusións das *Jornades a Platja d'Aro* (vid. PEREÑA I PÉREZ, *op. cit.*) e parécennos axeitadas para o galego aínda que a aplicación delas sexa, hoxe por hoxe, case inviable. Téñase en conta que recentemente varios empresarios galegos tiveron serios atrancos para autentificalas súas escrituras en galego por mor da negativa da notaría a dar fe de documentos redactados en lingua galega.

14. Vid. PEREÑA I PÉREZ, *op. cit.*

3.9. *Galeguización primaria das resolucións civís e incorporación paulatina das resolucións penais*

Consideramos que a galeguización das resolucións debe comezar polas de ámbito civil e, sobre todo, por aquelas que teñen que ver coa nosa tradición xurídica. Isto, tanto por entender de cuestións propias do noso dereito como por seren, os problemas de índole civil, maioritariamente establecidos entre partes galegas e con efectos dentro da propia comunidade, o que permite a publicación monolingüe das resolucións (evidentemente cómpre dar prioridade ás monolingües sobre as bilingües que, sen ser descoñecidas, deben ser un obxectivo secundario). Por outra banda, o dereito civil carece das dificultades lingüísticas engadidas do dereito penal por mor da peculiar complicación terminolóxica das leis procesuais.

Así e todo, as resolucións penais deberán comezar paseniñamente o seu proceso de galeguización para o que será unha axuda inestimable dispoñer da LACRIM en galego. Procuraremos sempre escoller das sentencias penais aquelas que sexan entre partes galegas. Tendo en conta que, no noso ordenamento xurídico, o tráfico e a seguridade vial son considerados materias penais, a tradución da Lei de Tráfico e Seguridade Vial faise, como xa apuntabamos, inescusable. As resolucións que entendan destas materias, hoxe as maioritarias nos xulgados do penal e mesmo nos de primeira instancia e instrucción, deberán ser, dentro do ámbito penal, as prioritarias tanto pola súa repercusión social como por se-las máis achegadas á gran maioría da poboación (exceso de velocidade, accidentes, alcolemia, etc...).

3.10. *Normalización mental de xuíces, maxistrados e secretarios*¹⁵

Deixamos para o final o que, en realidade, é o primeiro e principal labor dun servizo de normalización na Administración de xustiza. Só se somos quen de modifica-las actitudes dos profesionais da xustiza con respecto ó idioma, desmontando sistematicamente as ideas preconcebidas e os prexuízos, poderemos ir modificando paseniñamente os seus hábitos profesionais ou mesmo vitais. O emprego oral do galego en audiencia pública é algo, baixo o meu punto de vista, fundamental e estamos en condicións de solicitalo de todos aqueles que sexan galego-falantes aínda que na escrita aínda manteñan o castelán. A rutina de usa-lo castelán por par-

15. Para o sentido que lle damos aquí ó concepto «normalización mental» véxase o estudo de LÓPEZ VALCÁRCEL, X., «Normalización afectiva», *Cadernos de lingua*, n.º 2, pp. 93-104, 1991.

te dos xuristas é, talvez, como sostén Carles Anguela «*l'obstacle més important per a la normalització lingüística en l'àmbit jurídic*».¹⁶

Esta modificación mental, sendo importantísima nos xuíces ou maxistrados, é vital nos secretarios que son os que realmente levan o peso do xulgado e os que realizan unha boa parte do papelorio cotián amais de facer de vínculo de unión entre o xuíz e o funcionariado.

3.11. Normalización mental do resto do funcionariado

Todos sabemos que quen realmente se relaciona coa xente, quen confectiona todo o papelorio dun xulgado, mesmo o que vai ser asinado polo xuíz ou polo secretario, quen organiza, distribúe e vehiculiza a administración é, sen dúbida, o funcionariado. Del depende, en boa medida, o éxito ou fracaso da galeguización da xustiza. Se cando falamos dos altos funcionarios (maxistrados, xuíces, secretarios...) temos que ter en conta que en Galicia, por diversas razóns ben coñecidas, son maioría os castelán-falantes, moitos deles non galegos, cando falamos do resto do funcionariado da xustiza a porcentaxe de galego-falantes elévase considerablemente. A partir deste dato cuantitativo non moi difícil de comprobar (con todo, cumpriría a elaboración dunha enquisa seria na Administración de xustiza en Galicia para sabermos de maneira precisa sobre que traballamos);¹⁷ a partir deste dato, digo, o labor do normalizador ha de descubrir cara á consecución do emprego do galego oralmente (nos xulgados das vilas isto é, afortunadamente, o máis habitual), cara a facilitar, informar e garanti-los dereitos lingüísticos dos cidadáns e cara a promover a progresiva galeguización de toda canta documentación pasa polas súas mans. Para isto, precísase a comprensión e apoio do xuíz e do secretario do xulgado (o labor dificultase enormemente se os temos en contra aínda que non é imposible xa que o funcionario conta tamén cos seus dereitos lingüísticos) e a boa disposición do funcionario. Por desgracia, os prexuízos nos funcionarios tamén abundan e o alegar descoñecemento converteuse xa nunha desculpa que os libera de se comprometer a traballar en galego.

16. ANGUELA, Carles, «Àmbit jurídic i normalització lingüística», *Revista de Llengua i Dret*, n.º 19, p. 174, 1993.

17. Como di Lluís i Mirabent: «*Per acabar d'enfosquir el panorama, falten dades de camp fiables. Efectivament, hi ha estudis jurídics importants sobre la temàtica de la doble oficialitat i de l'ús de les llengües oficials [...] Però no hi ha estudis sociolingüístics específics dels diferents camps jurídics (Facultats de Dret, Administració de Justícia, Registres Públics, Notariat, Advocats i Procuradors...)*» (cfr. op. cit., p. 213).

4. ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

Cómpre un apoio decisivo dos poderes públicos galegos, no marco do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística, se non queremos perder definitivamente esta segunda oportunidade que ten o galego para penetrar na Administración de xustiza na que, agás na Idade Media, sempre estivo vedado. Os atrancos, como vimos, son moitos e variados pero se se leva a cabo unha planificación lingüística en condicións aínda estamos a tempo de introduci-la nosa lingua na xustiza e con ela darnos un paso máis como pobo que quere recupera-la súa dignidade, comezando pola dignidade do seu idioma.

Se conseguimos ir forxando un funcionario competente no galego administrativo (seriedade e formación nos cursos), competente no galego oral (son, por agora, maioría) e convencido de que el é unha peza fundamental para garanti-la presenza do galego na xustiza e, en consecuencia, na nosa sociedade, estaremos a piques de alcanza-lo obxectivo final: a plena e efectiva galeguización da Administración xudicial. Se logramos isto, estaremos moi preto de converte-lo galego na lingua vehicular da nosa sociedade. Non podemos esquece-lo feito, sociolingüísticamente constante, de que os usos lingüísticos das institucións determinan de maneira decisiva os dos individuos, polo que os notarios, procuradores, avogados, administrados etc... cambiarán os seus usos lingüísticos a medida que estes sexan modificados pola administración.¹⁸ Non se nos escapan as dificultades pero paga a pena intentalo.

18. Vid. ANGUELA, C., *op. cit.*, p. 174.